

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Exposición ao público do acordo provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para a execución da obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas"*

Faise público que polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2017, se adoptou, entre outros, Acordo provisional de imposición e ordenación de contribucións especiais para financiar a execución da obra "Acondicionamento do fronte na rúa Sixto 7-A e anexas" nas vivendas sitas na rúa Sixto, con referencias catastrais 3544985NH-5934S0000IM, 3544986NH5934S0000JM e 3544984NH5934S0000XM, o cal se expón ao público de forma íntegra polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, durante o cal poderán presentarse as reclamacións que se estimen oportunas, por aqueles que teñan a consideración de interesados de acordo co regulado no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, que poderán examinar o expediente na Intervención municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente publicárase o anuncio de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Os interesados poderán presentar recurso de reposición que poderá versar sobre as cuestións sinaladas no artigo 34.4 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

De non presentarse reclamación ningunha quedarán elevados automaticamente a definitivos os referidos acordos, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

Durante o citado prazo os propietarios ou titulares afectados poderán constituirse en Asociación administrativa de contribuíntes segundo o disposto no artigo 36.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

Cambre, 4 de xullo de 2017

O alcalde

Asdo.: Óscar A García Patiño

2017/5915